



# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

### PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Con data febreiro de 2023 redactouse o proxecto denominado “**PISTA DE CASTENDA CARA O LÍMITE CON TORDOIA (PARADA)**” por D. Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos (colexiado nº 22.992).

A Xunta de Goberno Local, de data 23/02/2024, acordou participar no Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, convocado por Resolución de 19/12/2023, solicitando a concesión dunha axuda por importe 76.962,00 €, para a execución da actuación “Pista de Castenda cara o límite con Tordoia (Parada)”.

Mediante Resolución da Directora Xeral de Agader, recibida o 08/05/2024, outorgouse unha subvención para a execución deste proxecto (**Expdte. PM24-0170**), coa financiamento seguinte:

Importe Asignado (Plan de Mellora)	76.962,00 €	
Importe da Axuda Plan de Mellora Camiños	76.962,00 €	
Axuda Estudo Integral Rede viaria-Anexo II b)	10.000,00 €	
TOTAL AXUDA	86.962,00 €	
Importe da Axuda	76.230,00	
Distribución por Fondos	FEADER (75%)	65.221,50 €
	MAPA (7,5%)	6.522,15 €
	XUNTA (17,5%)	15.218,35 €
Anualidades	Anualidade 2024 (48,718%)	Anualidade 2025 (51,282%)
	42.366,15 €	44.595,85 €

Con estas obras preténdese:

- Mellora de camiños municipais: que supoñen un reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas mais axeitadas ás características do tráfico rodado que soportan.

Procede iniciar expediente de contratación por procedemento aberto, por ser o procedemento máis axeitado para a consecución da mellor oferta para a execución das obras, con multiplicidade de criterios de adjudicación vinculados ao obxecto do contrato, tramitación urgente (artigos 119, 131.2 e 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 - LCSP).

Deberase incorporar ao expediente:

- Os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
- Certificado de existencia de crédito orzamentario.
- Informes do Secretario e do Interventor do Concello.

Ordes, na data da sinatura electrónica

**O ALCALDE**  
**José Luis Martínez Sanjurjo**  
(asinado dixitalmente)

**Perante min,**  
**O SECRETARIO**  
**Juan Luis González Iglesias**



# **CONCELLO DE ORDES**

---

## **(A CORUÑA)**